



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE CARÁCTER URGENTE DA XUNTA
VECIÑAL NÚM. 10/2023, DO DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2023**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e dous minutos do xoves, día 2 de novembro de 2023, previa convocatoria de sesión extraordinaria de carácter urgente realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 31 de outubro de 2023, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia da Alcaldesa-Pedánea, D. Patricia Otero Carrera, asistindo os seguintes vocais:

D ^a . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE
D. Eduardo Vila Pereira	PP

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.

2.- Resolución de reclamacións ao expte. de modificación de créditos núm. 3/2023 na modalidade de Transferencia de Créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, por importe total de 40.000 €, e aprobación definitiva.

3.- Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto núm. 2023 28 por un importe total conxunto de 6.505,35 €, quedando supeditado a súa aprobación, recoñecemento da obriga e posterior pago á entrada en vigor da modificación orzamentaria núm. 3/2023.

4.- Proposta da Tenente de Alcaldía para o recoñecemento da compatibilidade da dedicación parcial da Alcaldesa-Pedánea co desempeño de actividade privada.

5.- Proposta da Alcaldesa-Pedánea para o recoñecemento da compatibilidade da dedicación parcial da Tenente de Alcaldía-Pedanía co desempeño de actividade privada.



Entidade Local Menor de Bembridge

Ábrese a sesión pola Sra. Alcaldesa Pedánea á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.

Dáse conta da proposta da Sra. Alcaldesa Pedánea de data 31.10.2023 co seguinte contido:

“Esta Alcaldía considera que concorren, entre outras, as seguintes circunstancias, que fan que sexa moi difícil aprazar por máis tempo a celebración desta sesión da Xunta Veciñal dos asuntos que se citarán:

A urxencia de celebrar esta sesión plenaria ven motivada pola necesidade de acometer coa maior brevidade posible varios trámites de expedientes que non se poden demorar, como é o caso da resolución das reclamacións presentadas e aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 3/2023 na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, aprobada inicialmente na sesión extraordinaria da Xunta Veciñal celebrada o 5 de setembro de 2023.

Esta modificación de créditos financia varias facturas, que tamén están incluídas na orde do día desta sesión plenaria, cuxo pago tamén é moi urxente, (p.ex: facturas de varios seguros) debido a que se trata de servizos básicos que non foi posible a súa tramitación e posterior pago por carecer de consignación orzamentaria.

A estes efectos, lémbrese a necesidade de tramitar e pagar as facturas dentro do prazo legal establecido na vixente Lei de Contratos, xa que, entre outros motivos, a demora nos pagos supón a obriga de satisfacer xuros de mora consonte ao disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade.

Por outra banda, cabe sinalar a imposibilidade de convocar a presente sesión con carácter de ordinaria (último xoves do mes) nun momento previo debido a que a Secretaria desta Entidade atopábase disfrutando das vacacións durante o período comprendido de 09.10.2023 ata o 23.10.2023 (ámbolos dous incluídos).



Entidade Local Menor de Bembrive

En consecuencia, e polos motivos expresados, acordei convocar unha Sesión extraordinaria e urxente para o día 2 de novembro de 2023 ás 20.00 h. co orde do día seguinte:

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.

2.- Resolución de reclamacións ao expte. de modificación de créditos núm. 3/2023 na modalidade de Transferencia de Créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, por importe total de 40.000 €, e aprobación definitiva.

3.- Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto núm. 2023 28 por un importe total conxunto de 6.505,35 €, quedando supeditado a súa aprobación, recoñecemento da obriga e posterior pago á entrada en vigor da modificación orzamentaria núm. 3/2023.

4.- Proposta da Tenente de Alcaldía para o recoñecemento da compatibilidade da dedicación parcial da Alcaldesa-Pedánea co desempeño de actividade privada.

5.- Proposta da Alcaldesa-Pedánea para o recoñecemento da compatibilidade da dedicación parcial da Tenente de Alcaldía-Pedanía co desempeño de actividade privada.

*Polo tanto, de conformidade co previsto no art 46. 2 b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, propoño á Xunta Veciñal a adopción do seguinte acordo: “**Ratificar o carácter de urxente da convocatoria realizada.**”*

ACORDO: Sometido o asunto a votación resultou que por catro votos a favor (do Grupo do PSOE) e unha abstención (do vocal do PP) acordouse aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita, e por tanto se continúa co exame do punto seguinte.

2.- Resolución de reclamacións ao expte. de modificación de créditos núm. 3/2023 na modalidade de Transferencia de Créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, por importe total de 40.000 €, e aprobación definitiva.

Dase conta do informe-proposta de resolución de data 31.10.2023 co seguinte contido:

“En relación co expediente relativo á transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de



Entidade Local Menor de Bembrive

persoal, en cumprimento da Providencia de Alcaldía con data do 27.10.2023, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Por Acordo da Xunta Veciñal (Pleno) de data 05.09.2023, aprobouse inicialmente o expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gasto de distinta área de gasto que non afecten a baixas e altas de créditos de persoal, sometendo a exposición pública por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poideron examinalo e presentar reclamacións.

SEGUNDO. O expediente foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 187, de data 27.09.2023, e durante o prazo de quince días se presentou a seguinte alegación:

Forma de presentación	Núm. Rexistro	Data rexistro	¿En prazo?	Nome
Presencial	233	18.10.2023	Sí	Carlos Comesaña Abalde

TERCEIRO. Con data 31.10.2023, a alegación presentada foi informada por Secretaría-Intervención coa seguinte conclusión:

“Esta Intervención considera que procede a desestimación desta alegación, en todos os casos, polos seguintes motivos:

1º.- No expediente constan incorporados todos os documentos preceptivos (providencia de alcaldía, memoria xustificativa, informe de secretaria-intervención, documento contable RC e certificado sobre dispoñibilidade de crédito a minorar, proposta e certificado do acordo adoptado na sesión extraordinaria da Xunta Veciñal desta Entidade Local celebrada o 5 de setembro de 2023 e anuncio no BOPPO).

2º.- En varios dos documentos obrantes no expediente constan as partidas a minorar e a incrementar nesta modificación de crédito, así como o importe total da mesma: providencia de alcaldía, memoria xustificativa, informe de secretaria-intervención, proposta de resolución e certificado do acordo adoptado.

3º.- En relación ás restantes alegacións, débese ter en conta o disposto no artigo 170, no seu parágrafo 2.º, determina que unicamente poderán interpoñerse reclamacións contra o Orzamento polas seguintes causas:



Entidade Local Menor de Bembridge

— Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta Lei.

— Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

— Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentarios ou ben destes respecto ás necesidades.

En consecuencia, infórmase a xuízo desta Intervención que non procedería introducir modificación algunha no acordo de aprobación definitiva de transferencia de crédito entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto.”

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación é a seguinte:

- Os artigos 3, 4, 11, 12, 13, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Os artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).
- Os artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.
- O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro.
- Artigo 42, 173 e 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).
- Artigo 22.2.a), e) e 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- O Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- A Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- A Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 28. j) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



Entidade Local Menor de Bembrive

- O artigo 4.1. b). 2º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Base 10 de execución do Orzamento desta Entidade Local para 2023 (prorrogado do 2014).

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo artigo 169.1, por remisión do artigo 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Por tanto, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Desestimar a alegación presentada por Carlos Comesaña Abalde, presentada o 18.10.2023 con núm. de rexistro de documentos 333, no expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gasto de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, polos motivos expresados no informe de secretaría-intervención emitido con data 31.10.2023, do que se remitirá copia ao interesado xunto coa notificación do presente Acordo.

SEGUNDO. Aprobar definitivamente a transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal como segue a continuación:

Aplicacións de Gastos

DA APLICACIÓN	IMPORTE	ÁS APLICACIÓNS	IMPORTE
16.21. Benestar comunitario. Reparacións, mantemento e conservación.	- 40.000	920.220. Administración xeral. Material de oficina.	+ 2.000
		920.221. Administración xeral. Subministros.	+ 7.500
		920.222. Administración xeral. Comunicacións.	+ 6.000
		920.226. Administración xeral. Gastos diversos.	+ 2.000
		920.227. Administración xeral. Traballos realizados por outras empresas e profesionais.	+ 15.000



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

		920.233. Administración xeral. Outras indemnización.	+ 7.500
TOTAIS	- 40.000	TOTAIS	+ 40.000

CUARTO. Notificar o acordo a persoa que presentou a alegación.

QUINTO. Publicar anuncio de aprobación definitiva da referida modificación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, insertando o resumo por capítulos.

Non obstante, a Corporación acordará o que estime pertinente”.

.....
No expediente consta informe da Secretaría Intervención, emitido o 31.10.2023.

.....
Intervencións: O Sr. Vila Pereira pide a palabra para manifestar que entende que o que quixo alegar este veciño é o que ven sendo a demora que segue existindo no Orzamento, que hai que traballar con isto, e nas contas, que hai que poñerse a traballar nesa materia porque senón vai a seguir habendo levantamentos e transferencias constantemente, cando teñamos contas e orzamentos evitaremos isto. Tamén manifesta que non sabe si o expediente é o 333 ou o 233 porque na mesma folla aparecen dous números

A Sra. Secretaria-Interventora aclara que é o número 333.

.....
ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (Sra. Otero Carrera - Alcaldesa-Pedánea - e dos vocais Antía González Fernández, José González Domínguez e Manuel Costas Costas) e unha abstención (do vocal Eduardo Vila Pereira), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

.....
3.- Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto núm. 2023 28 por un importe total conxunto de 6.505,35 €, quedando supeditado a súa aprobación, recoñecemento da obriga e posterior pago á entrada en vigor da modificación orzamentaria núm. 3/2023.



Entidade Local Menor de Bembrive

A Alcaldesa-Pedánea dá conta da proposta do 24.10.2023 co seguinte contido:

“En relación ao expediente de pagamento de varias facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2023 28 por un importe conxunto de 6.505,35 €, emítase proposta en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. – *Vista a necesidade de pagamento das anteditas facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2023 28 por un importe total de 6.505,35 € correspondentes á bolsa de vinculación 9.2.*

SEGUNDO. - *Que o 27 de outubro de 2023 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora interpoñendo reparo suspensivo por carecer de consignación orzamentaria na bolsa de vinculación xurídica correspondente no momento de realización dos gastos e por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.*
- *RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.*
- *RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.*
- *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP, no sucesivo).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC, en posteriores citas).*

Por elo, visto o informe da secretaria-interventora de data 27 de outubro de 2023 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. – *Levantar o reparo suspensivo interposto pola Secretaria-Interventora no seu informe emitido con data 27 de outubro de 2023 ás facturas*



Entidade Local Menor de Bembridge

incluídas na relación de Xustificantes de gasto 2023 28 adxunta, polo total expresado de 6.505,35 euros (IVE incluído), quedando supeditado a súa aprobación, recoñecemento da obriga e posterior pago á entrada en vigor da modificación orzamentaria núm. 3/2023.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....

No expediente consta informe da Secretaría Intervención, emitido o 27.10.2023, cuxas conclusións son as seguintes:

“1ª.- O artigo 173.5 do TRFLFL sinala, expresamente, que non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe de créditos autorizados no estado de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolución e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

2ª.- A realización de gastos sen consignación orzamentaria e o posterior recoñecemento e abono, supón, como se ven indicando reiteradamente dende esta Intervención, unha práctica totalmente indebida que obedece a unha falta de control do gasto e que inflúe moi negativamente no equilibrio económico desta Entidade Local.

3ª.- Por todo elo, esta Intervención reitera a necesidade de tomar medidas contundentes de control do gasto público que eviten que no futuro se reitere dita circunstancia.

4ª.- O expediente de contratación en contratos menores, previsto no art. 118, non se pode utilizar cando se trate de prestacións periódicas e reiteradas no tempo (art. 29.8 LCSP), como é o caso dos gastos obxecto do presente expediente.”

Carácter e efectos dos reparos formulados:

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, procede **fiscalizar desfavorablemente** e formular **reparo suspensivo**, conforme ao disposto nos artigos 216 a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, pola **carencia de crédito** e **omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais** que dan lugar a **nulidade do acto administrativo**, en virtude do artigo 39.1 da LCSP que remite ao art. 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPACAP) e art. 39.2 b) da LCSP por **prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido** (apartado 1, letra e), como consecuencia de non haber tramitado o correspondente

Páxina 9 de 21



Entidade Local Menor de Bembridge

procedemento previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, que se esixe para a tramitación administrativa que exceda dos importes e requisitos do contrato menor para garantir os requisitos de publicidade e os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.

O citado reparo ten carácter suspensivo e corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade cos artigos 217.2 a) do TRLRFL e 15.2 a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.

Por tanto, dáse conta do presente reparo ao órgano da Entidade Local correspondente (Xunta Veciñal) para que adopte as decisións que procedan en relación coa normativa exposta.

Xa en informes anteriores indiquei que, posto que se tratan de servizos e subministros periódicos e de prestación continuada, as consideracións desfavorables expostas facíanse extensivas, en tanto se mantiveran as mesmas circunstancias, ás sucesivas facturas que se emitiran polas mesmas empresas e conceptos e foran propostas para a súa aprobación por conta do orzamento da ELM, polo que reitero que presentan circunstancias irregulares no eido da contratación administrativa e do procedemento administrativo de recoñecemento das obrigacións e ordenación do pagamento no tocante aos subministros e servizos que prestan.

Lémbrese que, á vista do tenor literal do precepto 28 da LTAIPBG 19/2013, constitúen **infraccións moi graves** **“Os compromisos de gastos, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente para realizalos ou con infracción do disposto na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou na de Orzamentos ou outra normativa orzamentaria que sexa aplicable e a omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos, cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da intervención, regulado na normativa orzamentaria”**, que neste caso afectará ao órgano que determine a continuación do procedemento, sen agardar a que se leve a cabo o procedemento descrito nos artigos 12 e 15 do RD 424/2017.

Por último, compre sinalar que anualmente darase conta destes informes contrarios aos reparos á Xunta Veciñal, con motivo da liquidación do orzamento, e ao Tribunal de Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo da Comunidade Autónoma, con motivo da aprobación da Conta Xeral, por mandato dos apartados 6 e 7 do art. 15 RD 424/2017.

.....



Entidade Local Menor de Bembridge

Intervencións: O Sr. Vila Pereira pide a palabra para reitarse no dito anteriormente, que para evitar estes reparos e estes levantamentos temos que facer as contas e o Orzamento.

A Sra. Alcaldesa-Pedánea respóstalle ao Sr. vocal que di sempre o mesmo.

O Sr. Vila Pereira indica que se ten que reiterar no mesmo, ao que a Sra. Alcaldesa-Pedánea lle responde que cambie de disco un pouco.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (Sra. Otero Carrera - Alcaldesa-Pedánea - e dos vocais José González Domínguez, Antía González Fernández e Manuel Costas Costas) e unha abstención (do vocal Eduardo Vila Pereira), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

.....

Incidencias: Antes de dar comenzo ao seguinte punto do orde do día a Alcaldesa toma a palabra para poner de manifesto o seguinte:

“De acordo co disposto no artigo 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Bases de Réxime Local “os membros das Corporacións locais deberán absterse de participar na deliberación, votación, decisión e execución de todo asunto cando concorran algunhas das causas a que se refire a lexislación de procedemento administrativo (...)”. Nos mesmos termos, pronúnciase o artigo 21 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) “os membros das Corporacións Locais deberán absterse de participar na deliberación, votación, decisión e execución de todo asunto cando concorran algunhas das causas a que se refire a lexislación de procedemento administrativo.”

O artigo 23.2 apartado a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que “Son motivos de abstención, entre outros, o seguinte: Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a aquel.”

Por outra banda, o artigo 100 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais dispón que “A efectos da votación correspondente considerarase que se absteñen os

Páxina 11 de 21



Entidade Local Menor de Bembrive

membros da Corporación que se ausentaron do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación.”

Por estes motivos, neste punto do orde do día voume ausentar do salón de plenos durante a lectura da proposta, debate e votación da mesma, de conformidade co escrito que presentei con data 31.10.2023 donde comuniquéi a miña abstención no procedemento administrativo de declaración de compatibilidade entre a dedicación parcial que se me aprobou por acordo plenario do 30.08.2023 e o exercicio da actividade privada solicitado por escrito núm. E-RE-231, xa que considero que eu, como alcaldesa pedánea, teño interese na declaración de compatibilidade entre a citada dedicación parcial e o exercicio de actividade privada.”

.....

4.- Proposta da Tenente de Alcaldía para o recoñecemento da compatibilidade da dedicación parcial da Alcaldesa-Pedánea co desempeño de actividade privada.

A continuación a alcaldesa-pedánea auséntase do salón de sesións, polo que de conformidade á normativa vixente, Dna. Antía González Fernández, tenente de alcaldía que debe substituír á alcaldesa no caso de ausencia, exerce a presidencia circunstancial da actual sesión extraordinaria de carácter urxente, dando conta da proposta de data trinta e un de outubro do ano dous mil vinte e tres, co seguinte contido literal:

“Declaración da compatibilidade da dedicación parcial co exercicio de actividade privada solicitada pola alcaldesa-pedánea.

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Na sesión extraordinaria celebrada pola Xunta Veciñal da ELM de Bembrive en data 30 de agosto de 2023, acordouse, entre outros asuntos, a **“DETERMINACIÓN DE CARGOS CORPORATIVOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL E RETRIBUCIÓN”**.

No punto segundo adoptouse o seguinte acordo:

“DETERMINACIÓN DE CARGOS CORPORATIVOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL OU RETRIBUCIÓN”:



Entidade Local Menor de Bembrive

1.- Dedicación exclusiva:

Titular da vocalía delegada do servizo de parques e xardíns, montes e vías e obras e servizos: Retribución íntegra anual (incluíndo Seguridade Social a cargo da Entidade): 29.513,24 €.

2.- Dedicación parcial:

2.1.- Titular da Alcaldía-Pedanía: Retribución íntegra anual (incluíndo Seguridade Social a cargo da Entidade): 15.276,44 €.

A súa dedicación será do 50 %, e unha dedicación mínima de 19 horas semanais.

2.2.- Tenente da Alcaldía-Pedanía e vocal dos servizos de educación, igualdade, xuventude, turismo e benestar social: Retribución íntegra anual (incluíndo Seguridade Social a cargo da Entidade): 12.368,08 €.

A súa dedicación será do 50 %, e unha dedicación mínima de 19 horas semanais.

(...)"

No punto cuarto do acordo recollíase o seguinte:

“4.- Os efectos económicos deste acordo serán aplicables:

- Para a alcaldesa-pedánea e tenente de alcaldía-pedanía: dende o día de recoñecemento de compatibilidade co exercicio da súa actividade privada apreciada pola Xunta Veciñal da ELM de Bembrive ou no caso de abandono da actividade privada, dende a comunicación do mesmo que conleva a non aplicación do réxime de incompatibilidades.

- Para o vocal de parques e xardíns, montes e vías e obras e servizos: dende o 31 de agosto de 2023.”

Segundo.- *En data 31.10.2023 con núm. de asento no rexistro de entrada de documentos da ELM de Bembrive E-RE-231, Patricia Otero Carrera, en calidade de Alcaldesa-Pedánea, presenta solicitude de compatibilidade da dedicación parcial coa actividade privada que desempeña, indicando que desexa conservar esa actividade privada, de maneira que non ocasionan prexuízo ou detrimento algún das obrigas e/ou funcións desta Entidade Local.*

Terceiro.- *Escrito de Patricia Otero Carrera, en calidade de Alcaldesa-Pedánea, de data 31.10.2023, no que se comunica a abstención no procedemento administrativo*



Entidade Local Menor de Bembridge

de declaración de compatibilidade entre a dedicación parcial que se aprobaron por acordo plenario do 30.08.2023 e o exercicio da actividade privada.

Cuarto.- *Providencia de data 31.10.2023 e Informe de Secretaría de data 31.10.2023.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- *LEXISLACIÓN APLICABLE.*

- *Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.*
- *Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Real Decreto lexislativo 784/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións vixentes en materia de Réxime Local.*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.*

Segundo.- *En data 31 de outubro de 2023 a secretaria-interventora emite o informe que se transcribe a continuación:*

“En consecuencia, infórmase favorablemente a declaración de compatibilidade para o desempeño do cargo de alcaldesa-pedánea e da tenente de alcaldía pedanía con dedicacións parciais co exercicio das actividades privadas (operaria de industria por conta allea e empregada de comercio por conta allea) e será o Pleno (Xunta Veciñal) da Corporación quen valore as circunstancias, e tal como se indicou no presente informe, que esas actividades profesionais non poidan ocasionar conflito algún coas corporativas como alcaldesa-pedánea e tenente de alcaldía-pedanía da ELM de Bembridge

Ao marxe de solicitar a autorización para a compatibilidade, debe cumprirse ademáis coa obrigaón de incluír dita actividade na súa declaración sobre actividades que lles proporcionen ingresos económicos para a súa inscrición no Rexistro de intereses.

E finalmente, para a adopción do acordo plenario que veña a resolver sobre as declaracións de compatibilidade das dedicacións parciais da alcaldesa e tenente de alcaldía coas actividades privadas que solicitan deben absterse as interesadas, Patricia Otero Carrera (alcaldesa-pedánea) e Antía González Fernández (Tenente da Alcaldía-Pedanía e vocal dos servizos de educación, igualdade, xuventude, turismo e benestar social), tanto no debate como na votación. Debe terse en conta

Páxina 14 de 21



Entidade Local Menor de Bembrive

en relación con ese aspecto o artigo 47.2 do Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais a propósito da substitución do alcalde na sesión e o artigo 100 do mesmo Regulamento en relación co voto dirimente ou de calidade do Presidente para resolver empates, non precisando este acordo que se pretende un quorum cualificado para a súa adopción.”

Á vista do anterior e en base aos artigos 50.9 e 47.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta Tenente de Alcaldía-Pedanía, propón á Xunta Veciñal a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Recoñecer a compatibilidade solicitada por Patricia Otero Carrera para o desempeño do cargo de Alcaldesa-Pedánea coa dedicación parcial para exercer a actividade privada.*

SEGUNDO.- *Notificar o acordo a interesada.*

TERCEIRO.- *Publicar o presente acordo no portal de Transparencia da Entidade Local Menor de Bembrive.”*

.....

No expediente consta informe da Secretaría Intervención, emitido o 31.10.2023, cuxas conclusións son as seguintes:

“En consecuencia, infórmase favorablemente a declaración de compatibilidade para o desempeño do cargo de alcaldesa-pedánea e da tenente de alcaldía pedanía con dedicacións parciais co exercicio das actividades privadas (operaria de industria por conta allea e empregada de comercio por conta allea) e será o Pleno (Xunta Veciñal) da Corporación quen valore as circunstancias, e tal como se indicou no presente informe, que esas actividades profesionais non poidan ocasionar conflito algún coas corporativas como alcaldesa-pedánea e tenente de alcaldía-pedanía da ELM de Bembrive

Ao marxe de solicitar a autorización para a compatibilidade, debe cumprirse ademáis coa obrigaón de incluír dita actividade na súa declaración sobre actividades que lles proporcionen ingresos económicos para a súa inscrición no Rexistro de intereses.

E finalmente, para a adopción do acordo plenario que veña a resolver sobre as declaracións de compatibilidade das dedicacións parciais da alcaldesa e tenente de alcaldía coas actividades privadas que solicitan deben absterse as interesadas, Patricia Otero Carrera (alcaldesa-pedánea) e Antía González Fernández (Tenente da Alcaldía-Pedanía e vocal dos servizos de educación, igualdade, xuventude,



Entidade Local Menor de Bembridge

turismo e benestar social), tanto no debate como na votación. Debe terse en conta en relación con ese aspecto o artigo 47.2 do Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais a propósito da substitución do alcalde na sesión e o artigo 100 do mesmo Regulamento en relación co voto dirimente ou de calidade do Presidente para resolver empates, non precisando este acordo que se pretende un quorum cualificado para a súa adopción.”

.....

Intervencións: O Sr. Vila Pereira pide a palabra porque quere intervir para reiterar o dito cando foi a toma de posesión no pleno anterior das dedicacións que as considera abusivas porque temos unha total e dúas parciais cando non hai traballadores na Entidade para que desenvolvan unha función. Pon de manifesto que iso é unha clara descapitalización da Entidade Local Menor, é o que entende porque Concellos con máis poboación, con máis vocales e que pretan máis servizos (urbanismo, recollida de basuras, ...) que non teñen tales dedicacións, o considera abusivo. Di que o manifestou no seu día e que o volven a reiterar. Por estes motivos vai votar en contra.

A tenente de alcaldía-pedanía non resposta ao Sr. Vila.

ACORDO: Por orde da tenente de alcaldía-pedanía sométese a votación a proposta de Tenente de Alcaldía, rexistrándose tres votos a favor (dos vogais Antía González Fernández, José González Domínguez e Manuel Costas Costas), un voto en contra (do vocal Eduardo Vila Pereira) e unha abstención (da Sra. Otero Carrera - Alcaldesa-Pedánea – que se ausenta do salón de Plenos durante a lectura da proposta, debate e votación da mesma).

En consecuencia, a Xunta Veciñal, trala votación ordinaria e por maioría de tres votos a favor, un voto en contra e unha abstención, dos catro membros presentes neste punto do orde do día, sendo cinco o número legal de membros que a compoñen, acordou aprobar a proposta de Alcaldía sobre “**Declaración da compatibilidade da dedicación parcial co exercicio de actividade privada solicitada pola alcaldesa-pedánea**”, quedando a referida proposta convertida en acordo nos seus propios termos.

.....



Entidade Local Menor de Bembrive

Rematada a votación do punto número 4, a Sra. Alcaldesa Pedánea volve a incorporarse ao salón de sesións tomando a Presidencia para continuar co tratamento dos asuntos incluídos na orde do día da sesión.

.....

Incidencias: Antes de dar comezo ao seguinte punto do orde do día, a Sra. Antía González Fernández pide a palabra para poñer de manifesto que *“polos mesmos motivos que citou a alcaldesa-pedánea para ausentarse do salón de Plenos durante a lectura, debate e votación da proposta para o recoñecemento da compatibilidade da súa dedicación parcial co desempeño de actividade privada voume ausentar eu porque entendo que no seguinte punto do orde do día (5) incorro na mesma causa de abstención.”*

.....

A continuación a tenente de alcaldía-pedanía auséntase do salón de sesións e a alcaldesa procede a dar lectura a proposta de data 31.10.2023 co seguinte contido literal:

“Declaración de Compatibilidade da dedicación parcial co exercicio de actividade privada solicitada pola Tenente da Alcaldía-Pedanía e vocal dos servizos de educación, igualdade, xuventude, turismo e benestar social.

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Na sesión extraordinaria celebrada pola Xunta Veciñal da ELM de Bembrive en data 30 de agosto de 2023, acordouse, entre outros asuntos, a **“DETERMINACIÓN DE CARGOS CORPORATIVOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL E RETRIBUCIÓN”**.

No punto segundo adoptouse o segundo acordo:

“DETERMINACIÓN DE CARGOS CORPORATIVOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL OU RETRIBUCIÓN”:

1.- Dedicación exclusiva:

Titular da vocalía delegada do servizo de parques e xardíns, montes e vías e obras e servizos: Retribución íntegra anual (incluíndo Seguridade Social a cargo da Entidade): 29.513,24 €.



Entidade Local Menor de Bembrive

2.- Dedicación parcial:

2.1.- Titular da Alcaldía-Pedanía: Retribución íntegra anual (incluíndo Seguridade Social a cargo da Entidade): 15.276,44 €.

A súa dedicación será do 50 %, e unha dedicación mínima de 19 horas semanais.

2.2.- Tenente da Alcaldía-Pedanía e vocal dos servizos de educación, igualdade, xuventude, turismo e benestar social: Retribución íntegra anual (incluíndo Seguridade Social a cargo da Entidade): 12.368,08 €.

A súa dedicación será do 50 %, e unha dedicación mínima de 19 horas semanais.

(...)”

No punto cuarto do acordo recollíase o seguinte:

“4.- Os efectos económicos deste acordo serán aplicables:

- Para a alcaldesa-pedánea e tenente de alcaldía-pedanía: dende o día de recoñecemento de compatibilidade co exercicio da súa actividade privada apreciada pola Xunta Veciñal da ELM de Bembrive ou no caso de abandono da actividade privada, dende a comunicación do mesmo que conleva a non aplicación do réxime de incompatibilidades.

- Para o vocal de parques e xardíns, montes e vías e obras e servizos: dende o 31 de agosto de 2023.”

Segundo.- *En data 31.10.2023 con núm. de asento no rexistro de entrada de documentos da ELM de Bembrive E-RE-232, Antía González Fernández, Tenente da Alcaldía-Pedanía e vocal dos servizos de educación, igualdade, xuventude, turismo e benestar social, presenta solicitude de compatibilidade da dedicación parcial coa actividade privada que desempeña, indicando que desexa conservar esa actividade privada, de maneira que non ocasionan prexuízo ou detrimento algún das obrigas e/ou funcións desta Entidade Local.*

Terceiro.- *Escrito de Antía González Fernández, en calidade de Tenente da Alcaldía-Pedanía e vocal dos servizos de educación, igualdade, xuventude, turismo e benestar social, de data 31.10.2023, no que se comunica a abstención no procedemento administrativo de declaración de compatibilidade entre as dedicacións parciais que se aprobaron por acordo plenario do 30.08.2023 e o exercicio da actividade privada.*



Entidade Local Menor de Bembrive

Cuarto.- *Providencia de data 31.10.2023 e Informe de Secretaría de data 31.10.2023.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- *LEXISLACIÓN APLICABLE.*

- *Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.*
- *Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Real Decreto lexislativo 784/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións vixentes en materia de Réxime Local.*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.*

Segundo.- *En data 31 de outubro de 2023 a secretaria-interventora emite o informe que se transcribe a continuación:*

“En consecuencia, infórmase favorablemente a declaración de compatibilidade para o desempeño do cargo de alcaldesa-pedánea e da tenente de alcaldía pedanía con dedicacións parciais co exercicio das actividades privadas (operaria de industria por conta allea e empregada de comercio por conta allea) e será o Pleno (Xunta Veciñal) da Corporación quen valore as circunstancias, e tal como se indicou no presente informe, que esas actividades profesionais non poidan ocasionar conflito algún coas corporativas como alcaldesa-pedánea e tenente de alcaldía-pedanía da ELM de Bembrive

Ao marxe de solicitar a autorización para a compatibilidade, debe cumprirse ademáis coa obrigaón de incluír dita actividade na súa declaración sobre actividades que lles proporcionen ingresos económicos para a súa inscrición no Rexistro de intereses.

E finalmente, para a adopción do acordo plenario que veña a resolver sobre as declaracións de compatibilidade das dedicacións parciais da alcaldesa e tenente de alcaldía coas actividades privadas que solicitan deben absterse as interesadas, Patricia Otero Carrera (alcaldesa-pedánea) e Antía González Fernández (Tenente da Alcaldía-Pedanía e vocal dos servizos de educación, igualdade, xuventude, turismo e benestar social), tanto no debate como na votación. Debe terse en conta en relación con ese aspecto o artigo 47.2 do Real Decreto 2568/1986, do 26 de

Páxina 19 de 21



Entidade Local Menor de Bembrive

novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais a propósito da substitución do alcalde na sesión e o artigo 100 do mesmo Regulamento en relación co voto dirimente ou de calidade do Presidente para resolver empates, non precisando este acordo que se pretende un quorum cualificado para a súa adopción.”

Á vista do anterior e en base aos artigos 50.9 e 47.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldesa-Pedánea, propón á Xunta Veciñal a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Recoñecer a compatibilidade solicitada por Antía González Fernández para o desempeño do cargo de Tenente da Alcaldía-Pedanía e vocal dos servizos de educación, igualdade, xuventude, turismo e benestar social, coa dedicación parcial para exercer a actividade privada.*

SEGUNDO.- *Notificar o acordo a interesada.*

TERCEIRO.- *Publicar o presente acordo no portal de Transparencia da Entidade Local Menor de Bembrive.*

.....

Intervencións: O Sr. Vila Pereira pide a palabra para reiterarse no que manifestou no punto 4, que é abusivo para a Entidade Local Menor.

A alcaldesa-pedánea respóstalle ao Sr. vocal que para eles todo o que non sea estar eles aquí todo é abusivo.

O Sr. Vila Pereira indica que non di “vosotros”, di “tu y yo”.

A Sra. Alcaldesa-Pedánea aclara que di en xeral, que se refire o seu partido.

O Sr. Vila Pereira di que o que está diciendo (dirixíndose á alcaldesa) non entra en debate, ao que a Sra. Alcaldesa-pedánea responde que acaban de ter eleccións, a xente votou e xa está, que votaron a eles e que non teñen que estar sempre coa mesma historia e que non hai nada máis que falar.

.....

ACORDO: Por orde da alcaldesa-pedánea sométese a votación a proposta de Alcaldía, rexistrándose tres votos a favor (da Sra. Otero Carrera - Alcaldesa-Pedánea – e dos vogais José González Domínguez e Manuel Costas Costas), un



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

voto en contra (do vocal Eduardo Vila Pereira) e unha abstención (da Sra. Antía González Fernández - Tenente de Alcaldía-Pedanía e vocal dos servizos de educación, igualdade, xuventude, turismo e benestar social – que se ausenta do salón de Plenos durante a lectura da proposta, debate e votación da mesma).

En consecuencia, a Xunta Veciñal, trala votación ordinaria e por maioría de tres votos a favor, un voto en contra e unha abstención, dos catro membros presentes neste punto do orde do día, sendo cinco o número legal de membros que a compoñen, acordou aprobar a proposta de Alcaldía sobre “**Declaración de Compatibilidade da dedicación parcial co exercicio de actividade privada solicitada pola Tenente da Alcaldía-Pedanía e vocal dos servizos de educación, igualdade, xuventude, turismo e benestar social**”, quedando a referida proposta convertida en acordo nos seus propios termos.

.....

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:38 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e prace da alcaldesa-pedánea,

Asdo.: Patricia Otero Carrera



A secretaria-interventora,

Asdo.: Patricia Alvarellos Leis